

CEIP do Fosso (A Estrada)

13 de Novembro de 2013



San da  
Sabreira de  
Valinhos

SEMENTA UNHA  
LANDRA

# Quercus suber. Sobreira de Valiñas



OLA!!! Son unha sobreira centenaria, e o de centenaria non é broma, estou aquí desde fai máis de 300 anos e son o segundo habitante vivo máis vello desta comarca. Grazas por virme visitar e non temas falar-me, pódeme chamar como queiras: sobreira, ou se queres ser máis formal "Quercus suber", a que soa ben?

# Así vexo eu á Sobreira de Valiñas



# PEGO AQUÍ UNHA FOLLA

Colle unha das miñas follas, tranquilo, non me doe, son verde brillante por diante e grises e suaves por detrás, o bordo parece unha estrela, con piquitos

# CALCO A CORTIZA CUNHA CERA

En galego a pel das árbores ten o mesmo nome que o produto que se saca de min



# RODEA CON ○ O FEITO DE CORTIZA




¡¡¡¡¡PERIGO!!!



Coñézote desde que naciches e acompañareite sempre, ou polo menos iso é o que me gustaría, pero debes saber que os alcornoques coma min estamos en serio perigo de extinción, o aumento da temperatura e a contaminación aféctanme moito. Ti podes axudarme, nas túas mans está que poida chegar aos 500 anos que se calculan para a miña especie.


# RODEA CON ○ O QUE ME PODE MANCAR





DAME UNHA APERTA!!!

Teño 22 metros de alto  
e un perímetro de 5,50  
metros. ¿cantos nenos  
fan falta para dar-me  
unha aperta?



# CONTAN ANOS AS SOBREIRAS?

Unha pega faladora  
contoume está mañá,  
que me veñen visitar  
uns nenos dunha escola.

Dixo que é porque son vella, centenaria,  
que si trescentos, ou catrocentos...  
jeu non che sei desa lería!  
que por riba estou dos tempos.

Eu deso non lle entendo,  
non me dea máis a lata  
a min dame por contar aos caracois  
que paseniño me pintan de doce prata

Ás formigas que ao meu pé  
fan as súas galerías,  
camiñoños de alegría enchen de cóxegas  
as miñas raíces frías.


Conto as cancións que os picariños  
baixo as miñas polas cantan,  
as miñas follas as levantan  
e resoan por Valiñas.

Hei contar aos nenos Do Foxo  
que me veñen visitar  
e vounos encher de beixos:  
se é que se deixan beixar.



# DALLE COR AOS MEUS FROITOS

Mira no chan, ves os meus froitos?  
Son como os do carballo, a  
encina... Chámanse landras, son  
alimento de moitos animais e en  
cada unha delas está todo o  
necesario para crear outro igual ca  
min, Anímaste?



# NECESITAMOS



## SELECCIONAMOS A LANDRA

NON



VERDES

NON



CON BICHO

NON



DEMASIADO MADURA

SI



RECIÉN COLLIDAS  
DA ÁRBORE  
MADURAS  
EMPEZANDO  
A XERMINAR